CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva.	PE	90
CA1.2 - Seleccionar o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Seleccionar o significado apropiado de palabras polisémicas, tendo en conta a información contextual.		
CA1.3 - Revisar e emendar as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros.	TI	10
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas máis frecuentes da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Realizar a lectura directa de textos latinos.		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, de poder ser, en latín, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	Extraer, analizar e reflectir oralmente as ideas principais dos textos obxecto de traballo.		
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando estratexias de recoñecemento de formantes latinos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común.		
CA2.2 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do seu repertorio propio.	Explicar cambios fonéticos desde o latín vulgar ata as linguas de ensino.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Explicar a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado.	Explicar a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina.		
CA2.4 - Analizar criticamente prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	Analizar criticamente prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Unidades lingüísticas da lingua latina.                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sintaxe oracional: funcións e sintaxe dos casos.</li> </ul> </li> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.</li> <li>- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.</li> <li>- Erros frecuentes de tradución e técnicas para evitalos.</li> <li>- Ferramentas de tradución, cando se considere necesario.</li> <li>- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.</li> </ul> </li> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua latina.                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Léxico común nos textos e autores obxecto de traballo, así como fraseoloxía básica para a expresión oral en latín de preguntas básicas sobre o contido do texto e/ou a gramática.</li> </ul> </li> <li>- Influencia do latín na evolución das linguas de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado.</li> <li>- Regras fonéticas na evolución do latín ás linguas de ensino.</li> <li>- Léxico:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina presentes no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica.</li> <li>- Significado e definición de palabras de uso común nas linguas de ensino a partir dos seus étimos de orixe latina.</li> </ul> </li> <li>- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Xerundio e supino. Verbos irregulares	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%		
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva.	PE	90		
CA1.2 - Seleccionar o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Seleccionar o significado apropiado de palabras polisémicas, tendo en conta a información contextual.				
CA1.3 - Revisar e emendar as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros.				
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas máis frecuentes da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Realizar a lectura directa de textos latinos.				
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo, coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.	Participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo				
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando estratexias de recoñecemento de formantes latinos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común.			TI	10
CA2.2 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do seu repertorio propio.	Explicar cambios fonéticos desde o latín vulgar ata as linguas de ensino.				
CA2.3 - Explicar a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado.	Explicar a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina.				
CA2.4 - Analizar criticamente prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	Analizar criticamente prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural.				

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Unidades lingüísticas da lingua latina.
- Sintaxe oracional: funcións e sintaxe dos casos.
- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.
- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.
- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.
- Erros frecuentes de tradución e técnicas para evitalos.
- Ferramentas de tradución, cando se considere necesario.
- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua latina.
- Léxico común nos textos e autores obxecto de traballo, así como fraseoloxía básica para a expresión oral en latín de preguntas básicas sobre o contido do texto e/ou a gramática.
- Influencia do latín na evolución das linguas de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado.
- Regras fonéticas na evolución do latín ás linguas de ensino.
- Léxico:
  - Lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina presentes no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica.
  - Significado e definición de palabras de uso común nas linguas de ensino a partir dos seus étimos de orixe latina.

UD	Título da UD	Duración
9	A literatura latina: a oratoria. Latinismos e topónimos	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata a lingua de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do repertorio propio.	Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que se produciron desde o latín vulgar ata a lingua de ensino.	PE	93
CA3.2 - Analizar e explicar os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos literarios latinos comparándoos con obras ou fragmentos literarios posteriores, desde un enfoque intertextual.	Analizar e explicar os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras latinas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Identificar e definir palabras latinas que designan conceptos fundamentais para o estudo e comprensión da civilización latina e cuxa aprendizaxe combina coñecementos léxicos e culturais, en textos de diferentes formatos.	Identificar e definir palabras latinas que designan conceptos fundamentais para o estudo e comprensión da civilización latina.		
CA1.9 - Analizar, interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Analizar, interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole de crecente complexidade		
CA2.3 - Explicar a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado.	Explicar a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina.		
CA2.5 - Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se partise da civilización e cultura latina como fonte de inspiración.	Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo		
CA3.1 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen espertar o espírito crítico, mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole de crecente complexidade.	TI	7
CA3.4 - Investigar aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico.		
CA4.2 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización latina como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores.	Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización latina como fonte de inspiración		
CA4.3 - Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de construción, preservación, conservación e restauración e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

## Contidos

- Destrezas comunicativas do uso da lingua latina.
- Léxico común nos textos e autores obxecto de traballo, así como fraseoloxía básica para a expresión oral en latín de preguntas básicas sobre o contido do texto e/ou a gramática.
- Léxico:
  - Expresións latinas integradas nas linguas modernas e o seu emprego en diferentes tipos de textos.
- Principais xéneros da literatura latina: orixe, tipoloxía, cronoloxía, temas, motivos, tradicións, características e principais autores.
- Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios latinos.
- Recepción da literatura latina: influencia na produción cultural europea, nocións básicas de intertextualidade, imitatio, aemulatio, interpretatio, allusio.
- A literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo.
- O dereito romano e a súa importancia no sistema xurídico actual.
- A importancia do discurso público para a vida política e social. A oratoria e as novas tecnoloxías.
- Técnicas de debate e de exposición oral.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica de Bacharelato debe presentar as seguintes características:

- Favorecerá a capacidade do alumno para aprender en por si, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación.
- Subliñará a relación dos aspectos teóricos da materia coas súas aplicacións prácticas na sociedade.

Os principios básicos que han de estar presentes continuamente no proceso de ensino/aprendizaxe de cada unidade didáctica son os seguintes:

- Selección de textos accesibles ao nivel dos alumnos. A práctica da tradución será, pois, graduada (é dicir, acorde aos coñecementos do alumno), suxestiva (polo seu contido e relación co tema tratado na unidade), continuada (para que resulte eficaz) e controlada (baixo a dirección e orientación do profesor ou profesora).
- A correcta interpretación dun fragmento implicará o seu contextualización, a análise dos aspectos gramaticales, a captación e o comentario da mensaxe que nel aparece.
- É recomendable recorrer tamén á lectura de fragmentos traducidos ou bilingües de autores latinos como en anos anteriores fixaba o Grupo de Traballo da selectividade.
- O estudo dos aspectos lingüísticos e culturais debe ser simultáneo.
- A asimilación dos contidos lingüísticos e culturais terá o dobre obxectivo de comprender a sociedade e a cultura romana e coñecer a súa pervivencia no mundo occidental.

A aplicación metodolóxica práctica a cada tema contará basicamente cos seguintes pasos:

1. Actividades de introdución, motivación e coñecementos previos:

- O coñecemento detallado por parte do alumno dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, etc. da unidade didáctica, co fin de que saiba por onde se move e que sentido teñen as actividades que se realizan.

- Introducción motivadora por parte do profesor, onde se sinalen os elementos máis atractivos por actuais e interdisciplinares do tema que se vai a tratar.

- Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou dificultades detectadas.

- Introducción de cada aspecto lingüístico, sempre que iso sexa posible, mediante as semellanzas ou pervivencia dos mesmos na lingua propia do alumno.

## 2. Actividades de desenvolvemento:

- Lectura e comentario de textos.

- Lectura comprensiva do tema de cultura.

- Resolución de exercicios de léxico.

- Resolución de exercicios sobre aspectos morfosintácticos e tradución de oracións con aplicación dos mesmos.

- Tradución dos textos orixinais propostos, realizando os seguintes pasos:

- Lectura previa en voz alta corrixida polo profesor.

- Análise do vocabulario.

- Relacións gramaticales:

- illar as oracións

- recoñecer as formas gramaticales

- establecer as relacións sintácticas

- Tradución.

## 3. Actividades de sínteses-resumen:

- Realización de esquemas dos apartados de literatura, lingua e léxico.

- Visualización da materia lingüística e cultural incluída en cada unidade mediante diapositivas, gráficos, paradigmas, esquemas, etc.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderniño facilitado polo profesor
Diccionario Vox Latín-Español
Encerado
Canón de proxección
Ordenador
Puntero laser

Imaxes para proxección
Vídeos de corta duración

Non se fixará ningún libro de texto determinado. Será o profesor o encargado de facilitar ao alumno o material que sexa necesario. Utilizarase o dicionario Latino-Español de Vox.

Outro tipo de recursos didácticos que se poderán utilizar para completar as explicacións, facilitar a súa asimilación por parte dos alumnos e proporcionarlles o material necesario para levar a cabo os seus traballos de investigación son:

- Diapositivas
- Vídeos, DVD, CD
- Dicionarios etimolóxicos, mitolóxicos, etc.
- Libros de consulta que abranguen distintos temas: historia, literatura, mitoloxía, vida cotiá, arte.
- Textos clásicos e outros de distintas etapas históricas ata chegar á actualidade que lle sirvan de punto de comparación, etc.

Para iso utilizaremos todo o material dispoñible do Departamento de Latín e solicitaremos a colaboración de outros Departamentos que dispoñan de recursos que nos poidan ser útiles. Ademais, será una referencia constante para a búsqueda de información a Biblioteca do noso centro, á que de cando en vez nos achegaremos para a elaboración dos traballos de investigación.

Como recurso imprescindible faremos uso das novas tecnoloxías da información e comunicación, que proporcionarán ao alumnado unha visión novedosa e atractiva das línguas clásicas.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Dos alumnos que teñen latín II e tiveron latín I o curso pasado, o profesor (o mesmo en ambos os cursos) dispón de todos os datos obtidos en primeiro de bacharelato para determinar o nivel de coñecementos de cada un deles. Con todo, dedícase a primeira semana do curso para repasar todos os contidos gramaticais vistos en Latín I.

Aos alumnos que cambien de opción e, por tanto, non tiveran latín en primeiro de bacharelato, faráselles unha proba de nivel de coñecementos nas primeiras semanas de curso para determinar da maneira máis obxectiva o nivel destes e poder informarlles de maneira máis exacta sobre as súas posibles carencias.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>12</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	90	90	95	90	90	95	90	90	93	<b>91</b>

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>12</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	10	10	5	10	10	5	10	10	7	<b>9</b>

**Criterios de cualificación:**

Os criterios de cualificación son os seguintes:

1. EXAMES

- Cada erro na parte gramatical descontará 0'2.
- Cada erro na parte de tradución do texto descontará entre un 0'3 e un 0'5.

Os descontos polos erros cometidos se aplicarán sobre o valor de cada pregunta, frase ou texto do exame. Cada pregunta, frase ou texto terá valor 0 cando a suma dos descontos dos erros sexa igual ou superior ao valor da pregunta, frase ou texto respectivo, e os erros que excedan o valor de cada pregunta, frase ou texto non se descontarán ao valor de outras preguntas, frases ou textos.

- A nota dos exames se obterá facendo a media das puntuacións obtidas en cada un deles.

1. EXPOSICIÓN ORAL.

Cada unha das valoracións positivas da exposición oral oscilarán entre os valores de 0'10 e 0'15. A exposición oral levarase a cabo na corrección diaria dos exercicios e actividades e para iso preguntárase cada día aleatoriamente aos alumnos. Valorárase o seguinte:

- A correcta execución de exercicios e actividades segundo o marcado no enunciado de cada un deles.
- A orde e limpeza na realización dos exercicios e actividades.
- O grao de exactitude dos datos e explicacións, entre outros:
  - corrección na declinación nominal e pronominal,
  - corrección na flexión verbal,
  - corrección na análise morfosintáctica,
  - corrección na lectura de frases e textos,
  - corrección na evolución fonética e uso de latinismos.

Se o alumno é sorprendido copiando, se lle retirará o exame, que será cualificado cun 0.

**NOTA DE AVALIACIÓN:** Se a nota resultante ten decimais, redondearase o resultado á nota superior se é maior que 0,5.

A **NOTA FINAL** será a media das tres avaliacións. Se a nota resultante da media ten decimais, redondearase o resultado á nota superior se é maior que 0,5.



### Criterios de recuperación:

- Non haberá necesariamente recuperacións, xa que ó ser avaliación continua unha avaliación negativa dáse por recuperada ó superar outra posterior. Só se recuperará obrigatoriamente o exame de teoría (latinismos e xéneros literarios) que estea suspenso nunha avaliación igualmente suspensa.
  - A avaliación negativa na terceira avaliación suporá que o alumno terá que examinarse de toda a asignatura na proba extraordinaria do mes de xuño.
  - No mes de maio farase un exame de recuperación únicamente do exame de teoría (latinismos e xéneros literarios), no caso dos alumnos que teñan aprobada a terceira avaliación e suspenso o exame de teoría dunha avaliación anterior suspensa. A avaliación positiva deste exame é imprescindible para a obter a avaliación positiva da asignatura no mes de maio.

### 6. Medidas de atención á diversidade

Aqueles alumnos que non progresen adecuadamente serán debidamente atendidos para que, do xeito máis rápido posible, se incorporen de novo ao ritmo normal de seguimento da programación. Preténdese con este reforzo evitar o abandono da materia, ao non poder seguir as explicacións por falta de coñecimentos previos aínda non asimilados, pola dificultade que poideran presentar de entendemento para estes casos particulares.

Seguiranse as seguintes pautas:

- Detección inicial do problema.
  - Localización dos contidos a partir dos cais o alumno comeza a non progresar segundo o esperado.
  - Explicación individual de ditos contidos.
  - Realización de actividades específicas que permitan a comprensión e asimilación dos contidos.
  - Seguimento individualizado, unha vez acadados os obxectivos, para evitar que xurda de novo esta situación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A educación para a igualdade de oportunidades en ambos sexos.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - A educación moral e cívica e, como consecuencia diso, a educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - A educación para a igualdade de oportunidades en ambos sexos.	X
ET.2 - A educación moral e cívica e, como consecuencia diso, a educación para a paz.	X
ET.3 - A educación para a saúde	X
ET.4 - A educación ambiental	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
No presente curso académico non se prevén actividades complementarias nesta materia.	No presente curso académico non se prevén actividades complementarias nesta materia.	X	X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación.
Metodoloxía empregada
2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
3. Os resultados de avaliación ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso.

Medidas de atención á diversidade
4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE, identifícase a súa casuística particular e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación.
Clima de traballo na aula
5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis coa persoa docente é alto e responde ao planificado na programación.

### Descrición:

Estes cinco indicadores son esenciais neste punto da programación e esixen unhas metodoloxías, instrumentos e temporalizacións distintas para poderen ser medidos.

1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación. Para avaliar este indicador de logro a persoa docente debe revisar con regularidade que tanto os contidos, os tempos e o modo en que se está a traballar na aula son os que se corresponden co establecido na programación. En caso de que haxa diverxencias, estas así como as súas causas deben ser consignadas nas actas de departamento para, ao cabo do curso, facer unha valoración que sirva para modificar a programación do curso seguinte. O feito de que a aplicación PROENS estableza un seguimento por UD, marca xa a temporalización deste traballo. Instrumento: táboa de indicadores.

2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado. A persoa docente, especialmente en grupos que adoitan ter un número de alumnado pequeno, normalmente ten unha previsión dos resultados que terán as persoas discentes en base ás súas observacións diarias na aula. É importante que esta previsión se cumpra, dado que iso evidenciará que a observación e as impresións recibidas durante a avaliación son as correctas. Este acerto na previsión permitirá á persoa docente dar consellos útiles e, no seu caso, tomar as medidas oportunas para que o alumnado mellore o seu rendemento académico, de ser o caso. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

3. Os resultados ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso. Derivación lóxica do indicador de logro anterior, este pretende medir o acerto da observación como, en particular, a efectividade das medidas tomadas durante o curso para mellorar o rendemento académico do alumnado. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE, a súa casuística particular e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación. A avaliación deste indicador de logro pódese facer a principios do mes de novembro, momento no que todo o alumnado con necesidades especiais de apoio educativo debería estar identificado e as medidas a tomar xa planificadas. Ademais da observación directa da persoa docente na aula, é moito importante o correcto aproveitamento e deseño da avaliación inicial e, en especial, a coordinación e contacto habitual co departamento de orientación.

5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis coa persoa docente é alto e responde ao planificado na programación. A satisfacción do alumnado co traballo realizado na aula pola persoa docente é, seica, un dos aspectos menos desenvolvidos na práctica docente en xeral e que, porén, pode, ben administrado, ser unha fonte moi positiva e rendible de información tanto para o enfoque da materia dende un punto de vista académico como dende o punto de vista do labor docente. O mellor procedemento para medir este indicador de logro é un cuestionario electrónico e anónimo que se proporá ao alumnado para que cubra ao final de cada avaliación. Este cuestionario debe permitir que o alumnado valore os seguintes aspectos: 1) A súa satisfacción cos contidos da materia; 2) A súa satisfacción coa metodoloxía desenvolvida e o ambiente de traballo na aula; 3) A súa satisfacción coa propia persoa docente e o trato por esta dispensado. Estes tres bloques permiten obter unha información imprescindible para valorar o desenvolvemento da materia en xeral e son, xunto cos indicadores anteriormente citados, un instrumento básico para a introdución de modificacións na programación.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Ao remate de cada trimestre farase un seguimento da programación para facer unha valoración da mesma, tendo en conta sobre todo:

- Se se cumpriron os obxectivos establecidos.
- Se se sigue según o previsto a temporalización dos contidos.
- O grao de adecuación da metodoloxía didáctica á materia e ós alumnos.
- Os resultados obtidos polos alumnos.
- A adecuada aplicación dos criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, así como os criterios de cualificación.

En función destes datos seguirase na mesma liña, se a valoración é positiva ou rectificaranse aqueles puntos que se consideren oportunos para obter un mellor rendemento, como por exemplo:

- Reducción dos contidos
- Traballar máis os apartados nos que os resultados sexan máis frouxos.
- Facer un repaso dalgúns contidos, etc.
- Modificación dos aspectos da metodoloxía didáctica que non funcionen.
  - Modificación, o proposta de modificación para o curso seguinte, dos criterios, instrumentos e procedementos de avaliación (ou criterios de cualificación) incorrectos.

## **9. Outros apartados**